

INFORME DE CALIDADE AO CONSELLO DE GOBERNO E AO CONSELLO SOCIAL 2019/2020

PRIMEIRA PARTE:

Resultados dos indicadores máis representativos do Sistema de Garantía de Calidade.

- 1.- Oferta, ocupación: peso por grandes áreas de coñecemento.
- 2.- Características do perfil do estudantado: Grao e Máster.
- 3.- Resultados académicos.
- 4.- Duración media dos estudos e taxa de abandono.
- 5.- Satisfacción de estudantes e profesores

SEGUNDA PARTE:

Estado de implementación dos Sistemas de Calidade.

- 1.- Sistemas de Garantía de Calidade
- 2.- Acreditación Institucional
- 3.- Renovación da acreditación de Titulacións de grao e mestrado
- 4.- Acreditacións Internacionais
- 5.- Centros con Plan Estratéxico aprobado

*

PRIMEIRA PARTE:

Resultados dos indicadores máis representativos do Sistema de Garantía de Calidade.

1.- Oferta, ocupación: peso por grandes áreas de coñecemento.

1.1.- OFERTA (sen incluír estudos propios)

Entre o curso 2013-14 e o 2019-20, a USC incrementou a súa oferta de estudos de grao e máster un 8,7% (de 5.783 a 6.287), un promedio anual dun 1,24%.

Ese incremento concentrouse nos estudos de máster, que pasaron de 1.325 prazas ofertadas no curso 2013-14 ás 1.829 do curso 2019-20, (504 prazas de incremento e un 38% porcentual), xa que a oferta de estudos de grao se mantivo constante nas 4.458 prazas.

Desde o punto de vista da evolución da oferta entre as grandes áreas de coñecemento, houbo un comportamento bastante homoxéneo (entre un 3,25 e un 3,97% de incremento), coa excepción da área de ciencias, que medrou un 4,95% e, sobre todo, a de ciencias sociais e xurídicas, que o fixo un 9,65%.


Onde hai grandes variacións entre as áreas é na distribución da súa oferta entre tipos de estudo. O primeiro factor a considerar é a aparición desde o curso 2015-16 dunha oferta de dobres graos, que paliou a diminución producida na oferta de prazas de grao nas áreas de Ciencias e Ciencias Sociais e Xurídicas. Así, nesas áreas a redución das prazas de graos foi 1,02 % e do 2,89 %, respectivamente. A área de Artes e Humanidades experimentou tamén unha redución da oferta de graos dun 1,59 %. En cambio, en Ciencias da Saúde produciuse un lixeiro incremento, do 2,52 %, e área de Enxeñaría e Arquitectura incrementou a súa oferta de graos e dobres graos nun 12,1 %.

No que atinxe á oferta de prazas de máster, medraron todas as áreas agás a de Enxeñaría e Arquitectura, que as diminuíu un 9,29%. Todas as outras áreas, incrementaron a súa oferta de prazas de máster aínda que con intensidades diversas. Así, o incremento na área de ciencias da saúde foi dun 9,72%, na de Artes e Humanidades dun 23,86%, na de Ciencias Sociais e Xurídicas dun 49,63% e, de forma especial, na de Ciencias, onde o crecemento foi do 258,5% (pasando de 70 prazas no curso 2013-14 ás 251 no 2019-20).

No que respecta á oferta de prazas en estudos de doutoramento, entre o curso 2013-14 e o 2019-20 apenas houbo variación (7 prazas menos, situándose a oferta en 833, o que supuxo unha redución do 0,84%). Non obstante, as variacións producidas nos anos intermedios foron importantes, relacionándose coa absorción de estudantes procedentes dos vellos programas de doutoramento, e, igualmente, son importantes as variacións producidas entre áreas: así, houbo diminucións da oferta nas áreas de Ciencias (un 17,91%) e de Ciencias Sociais e Xurídicas (un 2,77%) e, pola contra, houbo incrementos nas de Artes e Humanidades (un 3,49%), Ciencias da Saúde (un 114,35%) e na de Enxeñaría e Arquitectura (un 6,52%).


A evolución da estrutura da oferta das áreas por tipo de estudo recóllese nos gráficos adxuntos.

Prazas ofertadas por tipo de estudo




	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Doutoramento	840	892	897	888	901	898	833
Máster	1325	1600	1818	1634	1799	1783	1829
Grao	4458	4618	4429	4387	4347	4323	4326
Dobre Grao			110	110	120	132	132

Prazas ofertadas de Grao por Área




	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Enxeñaría e Arquitectura	380	430	345	345	350	295	406
Ciencias Sociais e Xurídicas	1765	1820	1754	1730	1695	1710	1652
Ciencias da Saúde	1188	1198	1208	1208	1198	1188	1198
Ciencias	495	495	442	424	409	440	450
Artes e Humanidades	630	675	680	680	695	690	620


Prazas ofertadas de dobre grao por área



Prazas ofertadas de máster por área



Prazas ofertadas de doutoramento por área



No que toca ao peso relativo dos tipos de estudo na oferta da Universidade no curso 2019-20, os estudos de grao supoñen o 62,61%, os de máster o 25,69% e os de doutoramento o 11,70%.

Pola súa parte, o peso das distintas áreas de coñecemento nesa oferta é o seguinte: Enxeñaría e Arquitectura, 9,39 %, Ciencias, 10,40%, Artes e Humanidades, 14,33%, Ciencias da Saúde, 27,69% e Ciencias Sociais e Xurídicas, 38,19%.

O peso de cada área por tipo de estudo referido á oferta total da USC no mesmo curso 2019-20:

Artes e Humanidades supón o 14,33% da oferta de grao, o 11,92% da de master e o 17,77% da de doutoramento.


Ciencias, supón o 10,40% da oferta de grao, o 13,72% da de master e o 22,57% da de doutoramento.

Ciencias da Saúde supón o 27,69% da oferta de grao, o 17,28% da de máster e o 26,77% da de doutoramento.


Ciencias Sociais e Xurídicas supón o 38,19 % da oferta de grao, o 45,33% da de master, e o 21,13% da de doutoramento.

Enxeñaría e Arquitectura supón o 9,39% da oferta de grao, o 11,76% na de master, e o 11,76% na de doutoramento.


Oferta 2019/2020 por tipo de estudos




Oferta 2019/2020 de grao por gran área (inclúe dobre grao)



Oferta 2019/2020 de máster por gran área



Oferta 2019/2020 de doutoramento por gran área



1.2.- ATRACTIVIDADE DA OFERTA: MATRÍCULA DE NOVO INGRESO POR PREINSCRIPCIÓN

Pola súa parte, entre o curso 2013-14 e o 2019-20, a USC incrementou a matrícula de novo ingreso por preinscripción en estudos de grao e máster lixeiramente por debaixo do incremento da súa oferta: esta, un 8,7% (de 5.783 a 6.287), e a matrícula, un 6,8% (de 5.212 a 5.567).

Ese incremento foi porcentualmente máis elevado nos estudos de máster (un 16,28%) que nos de grao (un 4,29%, ao pasar de 4.119 matriculados en 2013-2014 a 4.296 en 2019-20).

O número de matriculados de novo ingreso por preinscripción experimentou un incremento no periodo en todas as áreas de coñecemento (32,35 % en Enxeñaría e Arquitectura, 22,3 % en Ciencias, 11,25 % en Humanidades, 5,45 % en Ciencias Sociais e Xurídicas) excepto na de Ciencias da Saúde, na que diminuíu un 4,59 %.

No caso dos graos e dobres graos, o incremento foi moi significativo na área de enxeñaría (un 42,28%). As outras áreas que incrementaron a súa matrícula de novo ingreso por preinscripción foron a de Artes e Humanidades (9,12%), a de Ciencias (3,24%), a de Ciencias Sociais e Xurídicas (2,14%) e a de Ciencias da Saúde mantívose practicamente constante (-0,84%). É de destacar a relevancia da incorporación de dobres graos na oferta para mellorar a atractividade nas áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias.


Respecto aos másteres, a variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción foi positiva en todas as áreas de coñecemento agás na de Ciencias da Saúde, que baixou en 2019-20 respecto a 2013-14 un 24,56% (de 224 a 169 matriculados). Respecto ás outras, os crecementos foron moi significativos (14,86% en Ciencias Sociais e Xurídicas; 14,91% en Enxeñaría; 20,47% en Artes e Humanidades) destacando sobre todo o experimentado na área de Ciencias, que pasou de 36 matriculados no curso 2013-14 a 138 no 2019-20, un 283,33%.

A peculiaridade das Titulacións da área de ciencias da saúde, que inclúen Titulacións de grao de duración superior ás usuais (graos en Farmacia, Veterinaria e Odontoloxía, 5 anos, e grao en medicina, 6 anos), así como as circunstancias profesionais que fan que, ao remate de estudos, moitos egresados se apliquen a completar a súa formación mediante as residencias hospitalarias (MIR, FIR, PIR), cuxa preparación para superar as probas de acceso ten un mecanismo alleo aos estudos regrados, explican suficientemente a menor presenza dos estudos de master nesa gran área.

No que respecta aos estudos de doutoramento, tras a absorción de estudantes procedentes dos vellos programas, que culminou no curso 2018-19, estabilizouse a matrícula de novo ingreso 442 estudantes, medrando no curso 2019-20 ata 462, é dicir, un 4.62%.


A evolución da estrutura da matrícula de novo ingreso das áreas por tipo de estudo recóllese nos gráficos adxuntos.

Matrícula de novo ingreso por tipo de estudo




	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Doutoramento	611	635	1187	756	593	442	462
Máster	1093	1168	1207	1128	1285	1249	1271
Grao	4119	4263	4209	4030	4061	3889	4156
Dobre Grao			106	96	115	140	140

Matrícula de novo ingreso en estudos de grao por gran área




	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Enxeñaría e Arquitectura	201	260	238	231	209	148	266
Ciencias Sociais e Xurídicas	1682	1700	1692	1636	1629	1564	1644
Ciencias da Saúde	1195	1198	1221	1155	1186	1143	1181
Ciencias	493	519	472	424	422	439	467
Artes e Humanidades	548	586	586	584	615	595	598

Matrícula de novo ingreso en estudos de dobre grao por gran área




	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
■ Enxeñaría e Arquitectura			27	23	22	22	20
■ Ciencias Sociais e Xurídicas			40	39	49	69	74
■ Ciencias da Saúde					9	11	4
■ Ciencias			39	34	35	38	42

Matrícula de novo ingreso en estudos de máster por gran área



	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
■ Enxeñaría e Arquitectura	114	112	147	109	114	119	131
■ Ciencias Sociais e Xurídicas	592	600	606	558	667	623	680
■ Ciencias da Saúde	224	215	209	203	219	197	169
■ Ciencias	36	113	86	93	127	134	138
■ Artes e Humanidades	127	128	159	165	158	176	153

Matrícula de novo ingreso en estudos de doutoramento por área



No que toca ao peso relativo dos tipos de estudo na matrícula de novo ingreso da Universidade no curso 2019-20, os estudos de grao supoñen o 71,25%, (fronte ao 62,61% da oferta), os de máster o 21,08% (fronte ao 25,69% da oferta) e os de doutoramento o 7,66% (fronte ao 11,70% da oferta).

Pola súa parte, o peso das distintas áreas de coñecemento na matrícula de novo ingreso fronte á oferta é o seguinte: Enxeñaría e Arquitectura, 6,40% fronte a 9,39 %, Ciencias, 11,24% fronte ao 10,40%, Artes e Humanidades, 14,39% fronte ao 14,33%, Ciencias da Saúde, 28,42% fronte ao 27,69% e Ciencias Sociais e Xurídicas, 39,56% fronte ao 38,19%.

O peso de cada área por tipo de estudo referido á matrícula de novo ingreso por preinscripción respecto ao da USC no mesmo curso 2019-20 é o seguinte:

Artes e Humanidades supón o 14,39% da matrícula de grao, o 12,04 % da de master e o 19,05 % da de doutoramento.


Ciencias, supón o 11,24% da matrícula de grao, o 10,86% da de máster e o 19,26% da de doutoramento.

Ciencias da Saúde supón o 28,42% da matrícula de grao, o 13,30% da de máster e o 31,17% da de doutoramento.


Ciencias Sociais e Xurídicas supón o 39,56 % da matrícula de grao, o 53,50 % da de master, e o 21,86% da de doutoramento.

Enxeñaría e Arquitectura supón o 6,40 % da matrícula de grao, o o 10,31% na de master e o 8,66% na de doutoramento.


Matrícula de novo ingreso 2019-2020 por tipo de estudos




Matrícula de novo ingreso 2019-2020 en grao por gran área (inclúe dobre grao)



Matrícula de novo ingreso 2019-2020 en máster por gran área



Matrícula de novo ingreso 2019-2020 en doutoramento por gran área




1.3.- TAXA DE OCUPACIÓN.


A relación entre os dous datos referidos nos puntos 1.1 e 1.2 concrétese na taxa de ocupación para Titulacións de grao e máster (estudantes de novo ingreso por preinscripción/prazas ofertadas).

En graos esa taxa mellorou entre o curso 2013-14 e o 2019-20 en todas as áreas (Artes e humanidades, do 77,78 ao 92,26%; Ciencias, do 99,69 ao 104,82%; Ciencias Sociais e Xurídicas, do 94,24 ao 97,21%; Enxeñaría, do 55,42 ao 60,57), e diminuíu lixeiramente en Ciencias da Saúde (do 100,12 ao 97,25). Nesta última área, o título que diminuíu significativamente a matrícula foi o de Enfermaría en Lugo.


No que atinxe aos estudos de máster por área de coñecemento, produciuse un incremento da taxa de ocupación entre os cursos que tomamos como referencia nas áreas de Ciencias (do 53,83 ao 61,27%), na de Ciencias Sociais e Xurídicas (do 72,89 ao 80,06%), na de Enxeñaría (do 56,53% ao 70,02%), e diminuíu na de Artes e Humanidades (do 73,45 ao 69,04%) e, sobre todo, na de Ciencias da Saúde (do 82,99 ao 57,24%).




Taxa de ocupación - Artes e Humanidades




Taxa de ocupación - Ciencias




Taxa de ocupación - Ciencias da Saúde




Taxa de ocupación - Ciencias Sociais e Xurídicas





Taxa de ocupación - Enxeñarías e Arquitectura




Por último, un aspecto a destacar é o impacto que a COVID tivo na diminución da matrícula de grao no curso 2020-21 a causa de razóns socio-económicas, como se pode deducir dos seguintes datos e gráficos:




Para visualizar a relación entre matrícula total, prazas ofertadas e matrícula de novo ingreso por preinscrición por tipo de estudo, xúntanse os seguintes gráficos:





Oferta e matrícula máster




Oferta e matrícula doutoramento




Para visualizar a relación entre matrícula total, prazas ofertadas e matrícula de novo ingreso por preinscripción por áreas de coñecemento, xúntanse os seguintes gráficos:




Oferta e matrícula Ciências




Oferta e matrícula Ciências da Saúde



Oferta e matrícula Ciencias Sociais e Xurídicas



Oferta e matrícula Enxeñaría e Arquitectura



1.4.- PERFIL DE INGRESO DO ALUMNADO.

A) GRAO: Porcentaxe de estudantes matriculados por primeira vez preinscritos en 1ª opción sobre as prazas ofertadas.

Este indicador permite medir a vocacionalidade do estudantado ao recoller a información das persoas que elixiron a titulación na que están matriculados como primeira opción de estudo no proceso de preinscripción.

Para o conxunto da UNIVERSIDADE ese valor é do 65,50 % no curso 2019-20, experimentando unha Mellora permanente desde o curso 2016-17 en que supuxo o 56,88 %.

En relación coas distintas áreas de coñecemento, o maior nivel de estudantado matriculado en primeira opción dáse en Ciencias, cun 79,68 % no curso 2019-20 (que se toma como referencia para todos os casos). Tamén a área de Artes e Humanidades ten un resultado elevado, o 77,94 %. Eses valores prodúcense pola gran homoxeneidade que existe nese indicador entre todas as Titulacións incluídas na área.


En cambio, as áreas que teñen valores menores (Ciencias da Saúde, 64,11 %; Ciencias Sociais e Xurídicas, 65,35%; Enxeñaría, 44,51%) experimentan fortes contrastes entre os resultados deste indicador entre as súas Titulacións.

Por exemplo, en Ciencias da Saúde, as Titulacións de Medicina, Psicoloxía e veterinaria acadan valores superiores ao 90 %, mentres que as de Enfermería móvense arredor do 35% (Santiago, 36,76 e Lugo 32,67%).

No que se refire á área de ciencias sociais e xurídicas, a titulación de Dereito ten un valor do 100% no indicador, a de Mestre/a en Educación Primaria en Santiago acadou o 91 % e as de Administración e Dirección de Empresas en Santiago, o Grao en Criminoloxía e o de Comunicación Audiovisual teñen valores superiores ao 80%. En contraposición, o grao en Pedagogía ten un resultado dun 40%, e o de Xeografía e Ordenación do Territorio, do 36 %. Un aspecto a destacar nas Titulacións desta área é a diverxencia de valores no indicador que se producen entre as mesmas Titulacións impartidas en Santiago e Lugo, onde estas últimas acadan resultados significativamente menores: Administración e Dirección de Empresas, Santiago 83%, Lugo 42,22%; Mestre/a en Educación Infantil, Santiago 70,49%, Lugo 35,57%; Mestre/a en Educación Primaria, Santiago 91,07%, Lugo 43,9%; Relacións Laborais e Recursos Humanos, Santiago 77,78%, Lugo 28,89%.

Por último, a área de Enxeñaría e Arquitectura ten Titulacións con valores moi altos do indicador, como son Enxeñaría Informática, 84,85%, e Robótica, 86%, o outras con valores moi baixos, como Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, 24,44%, o grao en Paisaxe, 18% e o grao en Enxeñaría Civil, o 13,33%.

Porcentaxe de estudantes matriculados por primeira vez preinscritos en 1ª opción sobre as prazas ofertadas




B) MASTER: Porcentaxe de matriculados que son titulados pola USC. No que atinxe ás Titulacións de Máster, a porcentaxe de matriculados que son titulados pola USC permite, por diferenza, avaliar a atractividade da oferta para titulados doutras institucións.

Analizando a evolución do indicador desde o curso 2014-15 ata o 2019-20, pódense tirar as seguintes conclusións:

En 2014-15 as áreas de ciencias e ciencias da saúde tiñan máis do 80% das prazas ocupadas en Titulacións de máster por titulados da propia USC. En Enxeñaría e Arquitectura, o dato era do 70,91 % e en Ciencias Sociais Xurídicas, do 63,11%.

En cambio, en 2019-20 en todas as áreas o peso porcentual dos matriculados procedentes da USC diminuí achegándose aos valores da Área de Artes e Humanidades que cinco cursos antes era a que tiña valores máis pertinentes e que se mantivo practicamente sen variación no período (58% en 2014.15 e 59% en 2019-20). En concreto, a Área de ciencias baixou o valor do indicador ata o 63,23, a de ciencias da saúde ao 59,65, a de Ciencias sociais e xurídicas ao 52,48 e a de Enxeñaría ao 58,38%.

Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC



3.- Resultados académicos.

Os sistemas de garantía da calidade sirven para medir os resultados da actividade docente. De entre o conxunto de indicadores existentes, este informe recolle información sobre dous moi relevantes:

- A taxa de éxito, que se define como a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron para ser avaliados.
- A taxa de graduación, que se define como a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan da titulación ou nun ano académico máis, respecto aos alumnos totais que comezaron estudos no mesmo curso (cohorte de ingreso).

Estes dous indicadores aportan información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

3.1.- Taxa de éxito.


Os valores desta taxa presentan un alto grao de estabilidade entre os cursos de referencia (2013-14 e o 2018-19), situándose na media do 87,22% nese último curso no caso dos graos e no 98,33% no caso dos máster.

No caso destes últimos estudos, a estabilidade mantívose tamén no curso 2019-20, cando acadou un valor do 98,88%, lixeiramente por baixo do que xa se tiña acadado nos cursos 2013-14, 2'14-15, 2015-16 e 2016-17.


En cambio, o valor acadado no curso 2019-20 nas Titulacións de grao foi moi superior ao habitual (un 93,07%, case un 6% de variación cando nos anos anteriores a diferenza máis salientable foi

a producida entre o resultado do curso 2014-15, un 85,18%, e a do curso 2018-2019, un 87,22%, é dicir, un 2,04%).

A explicación a ese incremento tan salientable está nas normas e procedementos específicos respecto a avaliación que se estableceron como consecuencia da pandemia de COVID-19, que afectou de forma moi importante á segunda parte do curso.




Taxa de éxito - Grao



	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Artes e Humanidades	84,93	84,60	84,76	86,46	85,73	87,22	92,98
Ciencias	72,44	72,73	72,33	78,76	79,69	82,13	92,59
Ciencias da Saúde	89,48	89,85	89,58	90,49	90,27	90,39	96,86
Ciencias Sociais e Xurídicas	89,87	88,47	88,79	88,67	88,09	88,73	93,66
Enxeñaría e Arquitectura	82,16	78,63	79,86	80,60	80,59	82,68	88,34

Taxa de éxito - Máster



	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Artes e Humanidades	99,09	98,90	98,77	99,38	98,06	98,92	98,54
Ciencias	100,00	99,37	99,66	99,89	99,91	99,40	99,70
Ciencias da Saúde	99,31	99,69	99,49	99,35	98,75	99,10	99,37
Ciencias Sociais e Xurídicas	98,82	99,27	98,87	98,65	97,81	97,24	98,76
Enxeñaría e Arquitectura	98,21	99,17	97,96	99,61	98,73	97,85	98,00


3.2.- Taxa de graduación

No que atinxe á taxa de graduación, esta acadou no curso 2019-20 un valor do 56,73% nos graos e dun 81,91% nos máster.


Respecto aos graos, a progresión do indicador desde o curso 2013-14 é constante e moi estable. Así, nese curso o resultado foi do 47,02% o que supón que en 6 cursos se mellorara un 9,71%, máis dun 1,5% anual.

En todo caso, é salientable que ese valor medio presenta grandes diferenzas entre áreas de coñecemento. En concreto, no curso 2019-20 destacan por riba da media as áreas de ciencias sociais e xurídicas, cun 60,3%, e, sobre todo, a de ciencias da saúde, cun 70,57%. Pola contra, as outras tres áreas presentan valores inferiores á media (Artes e Humanidades, 49,17%; Ciencias, 46,29%; Enxeñaría, 44,87%). Malia todo, estas tres áreas presentan unha liña de Mellora moi notable por comparación aos resultados do curso 2013-14, que foron os seguintes: (Artes e Humanidades, 43,66%; Ciencias, 32,52%; Enxeñaría, 27,69%). Como consecuencia, Artes e Humanidades mellorou o seu ratio un 5,51%; Ciencias, un 13,77%; e Enxeñaría, un 17,18%. Tamén a área de Ciencias Sociais e Xurídicas experimento unha progresión moi relevante, do 11,4%, xa que o resultado que tiña en 2013-14 foi do 48,9%.

Respecto aos graos, a evolución do indicador é mais estable, e tamén as diferenzas entre áreas son menores. É moi salientable o alta taxa de graduación na área de ciencias, nos últimos seis cursos case sempre por riba do 90% (91,31% no 2019-20), e tamén na de ciencias da saúde, sempre por riba do 85% (86,37% no 2019-20).




Taxa de graduación - Grao



	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Artes e Humanidades	43,66	39,58	43,70	42,03	49,22	46,25	49,17
Ciencias	32,52	34,07	34,38	34,75	33,79	35,35	46,29
Ciencias da Saúde	75,99	65,86	68,49	71,33	66,29	69,91	70,57
Ciencias Sociais e Xurídicas	48,90	57,78	60,96	59,77	62,50	60,72	60,30
Enxeñaría e Arquitectura	27,69	38,95	42,04	49,66	35,29	39,01	44,87

Taxa de graduación - Máster



	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Artes e Humanidades	72,76	75,72	74,39	78,67	70,75	77,10	80,09
Ciencias	100,00	90,00	93,31	84,56	95,13	92,50	91,31
Ciencias da Saúde	86,80	87,06	90,62	91,87	86,40	82,15	86,37
Ciencias Sociais e Xurídicas	74,83	71,43	73,21	71,20	75,16	71,23	79,35
Enxeñaría e Arquitectura	83,69	79,38	75,08	77,47	87,90	81,55	76,54

4.- Duración media dos estudos e taxa de abandono.

Outros dous indicadores respecto ao grao de eficacia do alumnado e a institución no seu desempeño académico son a duración media dos estudos, que mide en anos o tempo que os estudantes que egresan nun curso consumiron para obter o título, e a taxa de abandono, que rexistra a porcentaxe de estudantes dunha cohorte de ingreso que non se matricularon nos dous últimos cursos.

4.1.- Duración media dos estudos

Respecto á duración media dos estudos, no caso dos graos, o valor do indicador no curso 2019-20 é de 4,74 anos, baixando respecto aos anos da serie histórica desde 2015-16, ano no que se estabilizou o incremento que se arrastraba desde o 2013-14. Como se sabe, a meirande parte dos graos que se cursan na USC teñen unha duración de 4 anos, sendo excepcións, como xa se sinalou, os de Farmacia, Veterinaria e Odontoloxía, cuxa duración é de 5 anos, e o de Medicina, de 6 anos.

No que atinxe ás titulacións de máster, que, maioritariamente na nosa universidade, teñen unha duración dun ano (da oferta total de 68 másteres, só 5 teñen unha duración de dous anos (120 ou 100 créditos) e 17 de ano e medio (90 créditos), a duración media é de 1,65 anos. Neste caso, os valores da serie histórica son máis estables que no caso dos graos.

A análise por áreas indica que as de Ciencias e Enxeñaría son as que teñen unha duración máis elevada (5,19 e 1,68, e 5,01 e 1,92 anos respectivamente para graos e máster). No caso de graos, esa duración é superior á da área de ciencias da saúde (4,95 anos), malia esta incluír as Titulacións con duración superior.

Os valores deste indicador por título están recollidos en documento anexo.

4.2.- Taxa de abandono


En relación coa taxa de abandono, a tendencia desde o curso 2013-14 ata o 2018-19 é unha lenta diminución (do 26,55% ao 25,12% en graos e do 12,59% ao 11,36% en máster), pero tal tendencia acelerouse de forma moi significativa no curso 2019-20, no que os resultados foron o 20,91% e o 7,46%, respectivamente.

No caso dos graos a baixada dese curso foi notabilísima nas áreas de Artes e Humanidades (do 34,99% en 2018-19 ao 28% en 2019-20); en Ciencias (do 33,23% ao 23,07%) e aínda máis en Enxeñaría (do 24,76% ao 9,32%).


En relación cos másters, a diminución da taxa de abandono entre o curso 2018-19 e o 2019-20 foi tamén xeralizada nas distintas áreas de coñecemento, destacando de novo a intensidade da mesma na área de Enxeñaría (do 18,18% ao 9,09%), na de Artes e Humanidades (do 13,42% ao 6,62%) e na de ciencias da saúde (do 9,66% ao 3,42%). As outras dúas áreas (ciencias e ciencias sociais) experimentaron melloras máis moderadas, de arredor de 2 puntos porcentuais.

Para todas as taxas:

Taxa de abandono



Taxa de abandono - Grao





5.- Satisfacción de estudantes e profesores

Do conxunto de enquisas que realiza a USC para medir a satisfacción dos seus grupos de interese máis destacados (estudantes, profesores, egresados) e das actividades máis salientables (docencia recibida, docencia impartida, prácticas externas, mobilidade, servizos), este informe centraráse nas máis relevantes: satisfacción de estudantes coa docencia recibida e dos profesores coa docencia impartida.

5. 1.- SATISFACCIÓN DE ESTUDANTES

A) RESPONSA ÁS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

Tomando como referencias comparativas os cursos 2013-14 e o 2019-20, a taxa de resposta dos estudantes ás enquisas de satisfacción realizadas pola institución amosan unha indiscutible progresión favorable.

Así, do 31,2 % para estudos de grao e do 37,88 % para estudos de master en 2013-14, pasouse a un 40,39 % e un 46,30 %, respectivamente, no curso 2019-20.

No que atinxe á distribución deses resultados de participación por áreas de coñecemento e tipo de estudo é tamén xeralmente positiva.

Así, no que atinxe a graos, os datos revelan a seguinte progresión entre os cursos tomados como referencia:

Artes e Humanidades, do 36,53 ao 39,71%; Ciencias, do 33,07 ao 50,50%; Ciencias da Saúde, do 23,89 ao 37,08%; Ciencias Sociais e Xurídicas, do 30,55 ao 40,12%; e Enxeñaría, do 33,87 ao 39,02%.

Respecto aos estudos de máster, os valores correspondentes son os seguintes:

Artes e Humanidades, do 44,62 ao 41,97%; Ciencias, do 15,64 ao 32,02%; Ciencias da Saúde, do 38,89 ao 53,69%; Ciencias Sociais e Xurídicas, do 35,97 ao 49,38%; Enxeñaría, do 47,22 ao 54,31%.


Estes datos e as táboas e gráficos que se xuntan, permiten observar dúas tendencias:

- a) A maior taxa de resposta que se da en Titulacións de máster sobre as de grao.
- b) A relativa volatilidade nas taxas de resposta entre os sucesivos cursos académicos que, en calquera caso, non anulan a firmeza da tendencia de progresión, especialmente en graos.


En termos agregados, as taxas de resposta, malia non chegar ao 50%, permite considerar que os resultados obtidos son significativos. As acción institucionais para incrementar a participación así como a mellorar as utilidades das ferramentas dispoñibles e a metodoloxía a empregar seguen a ser necesarias.

Para ter unha referencia do volumen de xestión derivado deste proceso de enquisas, cómpre destacar os seguintes datos:

-O número de enquisas cubertas foron 48.055, e os estudantes que participaron foron 7.458, aínda que os convocados a participar foron 21.113. As enquisas cubertas permitiron valorar o 100 das materias, un total de 3.625, e ao 91,68% do profesorado, un total de 2.479 docentes.




Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida - Grao



	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Artes e Humanidades	36,53	40,62	38,79	38,40	41,72	37,47	39,71
Ciencias	33,07	35,66	33,10	37,38	41,98	45,86	50,50
Ciencias da Saúde	23,89	26,66	25,10	25,26	30,11	28,54	37,08
Ciencias Sociais e Xurídicas	30,55	33,84	36,52	38,14	36,95	39,77	40,12
Enxeñaría e Arquitectura	33,87	34,27	34,84	33,39	33,36	30,52	39,02

Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida - Máster



	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Artes e Humanidades	44,62	42,54	39,98	51,36	43,92	45,40	41,97
Ciencias	15,64	40,44	41,13	53,68	35,52	35,00	32,02
Ciencias da Saúde	38,89	44,88	41,74	38,31	37,84	38,08	53,69
Ciencias Sociais e Xurídicas	35,97	40,90	46,76	47,29	45,24	44,72	49,38
Enxeñaría e Arquitectura	47,22	53,83	51,60	50,47	49,30	36,17	54,31


B) AVALIACIÓN DA SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA DOCENCIA RECIBIDA.

Os resultados da avaliación amosan unha gran estabilidade e unha tendencia ao progresivo incremento da satisfacción desde o curso 2013-14, así como unha maior satisfacción e maior Mellora nos estudos de máster que nos de grao.


O valor para estes últimos, sobre unha escala de 0 a 5, era de 3,79 en 2013-14 e foi do 3,96 no 2019-20.

Respecto ás Titulacións de máster, o valor era de 3,85 en 2013-14 e acadou o 4,21 en 2019-20.


Os valores por grandes áreas son moi homoxéneos, como se pode deducir dos cadros e gráficos adxuntos. Así, en graos a variación entre as áreas con maior e menor valoración é de 0,14 puntos (Artes e Humanidades 4,04 e Ciencias 3,9), e en máster, de 0,13 (Ciencias da Saúde 4,31 e Ciencias e Enxeñaría 4,08).



Satisfacción do alumnado coa docencia recibida - Grao



Satisfacción do alumnado coa docencia recibida - Máster




5.2.- SATISFACCIÓN DO PROFESORADO COA DOCENCIA IMPARTIDA

Os resultados das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida amosan unha tendencia á mellora que fai que os valores do curso 2019/20 sexan máis altos que os do curso 2013/14 tanto en Titulacións de grao (4,11 fronte a 3,76) como de máster (4,28 fronte a 4,01).


Igualmente, tal tendencia amósase en todas as áreas de coñecemento.

Non obstante, existe a eiva dun grao de participación baixo e moi desigual do profesorado dos distintos centros con valores medios que rondan o 30%.


Satisfacción:



Satisfacción do profesorado coa docencia impartida



Satisfacción do profesorado coa docencia impartida



SEGUNDA PARTE:

Estado de implementación dos Sistemas de Calidade.

1.-SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE.

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) é un instrumento institucional que busca propiciar a mellora continua nas Facultades e Escolas da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a **acreditación e renovación dos títulos que se imparten nelas**, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, e abrindo o camiño cara a acreditación institucional deses centros, de acordo co RD 420/2015.

A USC aprobou o primeiro sistema marco en **decembro de 2009**, deseñado seguindo o modelo establecido pola axencia de calidade nacional ANECA, e a autonómica, ACSUG. Ese modelo afectaba a todas as titulacións de grao e máster e aos centros que as imparten.

Ese SGC foi simplificado posteriormente no ano **2013**, e tras 5 anos de vixencia desa simplificación, en febreiro de **2018** a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno aprobou unha modificación do sistema consistente nunha simplificación da documentación que busca a implantación efectiva e eficaz nos centros e a creación dun nivel institucional que asegure os criterios e directrices europeos naqueles ámbitos de decisión que recaen na institución.

Co decreto 118/2019, creouse a Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS). Para incorporar esa escola e os estudos de doutoramento ao SGC, o Consello de Goberno do 29 de xullo de **2019** aprobou o Sistema Marco de Garantía de Calidade da EDIUS, e a ACSUG certificou o deseño o 17 de decembro de 2019. Posteriormente, con data do 16 de xullo de 2020 a comisión de Calidade da EDIUS adaptou os documentos Marco as características do seu centro.

Así, a nova estrutura da documentación está formada por un nivel institucional e un nivel de centro que contan cun manual do sistema e cun manual de procesos que asegure a toma de decisións nos diferentes órganos responsables, a dispoñibilidade dos recursos necesarios e a mellora continua dos programas formativos e do propio funcionamento do sistema.

Os centros adaptaron o sistema a nivel de centro ás súas particularidades, asegurando a revisión periódica para detectar os axustes necesarios.

Os/as responsables de calidade dos centros deben garantir que todos os membros do seu centro teñan acceso ao SGC, polo que velarán para que na páxina web do centro se recolla a última versión actualizada e debidamente aprobada.

2.-ACREDITACIÓN INSTITUCIONAL

O Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, regula no seu capítulo III a acreditación institucional de centros de universidades públicas e privadas como alternativa ao modelo de acreditación de títulos universitarios oficiais (regulado no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais). No seu artigo 14, o devandito Real Decreto regula os aspectos relativos á solicitude da acreditación institucional, aos requisitos que os centros universitarios teñen que cumprir para a súa obtención e mais ao seu período de vixencia, que se estableceu en **cinco anos**.

O artigo 27 ter do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, introducido polo Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, establece que:

- ✓ As universidades con centros que obtiveran a acreditación institucional poderán, no entanto manteñan os seus efectos, renovar a acreditación das titulacións oficiais que impartan sen necesidade de se someteren ao procedemento previsto no artigo 27 bis(acreditación de Títulos)
- ✓ Todas as titulacións oficiais da universidade correspondentes ao centro acreditado incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, a correspondente á resolución de acreditación institucional do Consello de Universidades.



Requisitos


Para obter a acreditación institucional os centros universitarios terán que cumprir os seguintes requisitos:

- a) renovar a acreditación inicial de polo menos a metade dos títulos oficiais de grao e máster que impartan de acordo ao procedemento xeral previsto no artigo 27 bis do Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais.
- b) Ter certificada pola Axencia de Calidade Correspondente a implantación efectiva do seu Sistema de garantía de calidade.

Neste momento, na USC dispoñen desa acreditación institucional as Facultades de Bioloxía, Ciencias da Comunicación, Psicoloxía, Ciencias, Administración e Dirección de Empresas e as Escolas Técnica Superior de Enxeñaría e a Politécnica Superior de Enxeñaría.

Pola súa parte, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, que imparte dous graos e seis máster, xa obtivo a certificación de implantación do seu Sistema de Garantía de Calidade, polo que tamén recibirá en breve a acreditación institucional.





CENTROS A CERTIFICAR A IMPLANTACIÓN DO SGC NO 2020-2021

CENTRO		TÍTULO
Santiago	Facultade de Dereito	Grao en Dereito
		Grao en Criminoloxía
		Máster Universitario en Avogacía [L]
		Máster Universitario en Avogacía [S]
		Máster Universitario en Estudos Internacionais
		Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria
		Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria. Ed virtual
		Máster en Matemáticas
		Máster en Técnicas Estatísticas
Santiago	Facultade de Química	Grao en Química
		Máster en Investigación Química e Química Industrial
		Química Orgánica (3ª ed)
		Química Teórica e Modelización Computacional (3ª ed)
Lugo	Facultade de Veterinaria	Grao en Veterinaria
		Máster Universitario en Xenómica e Xenética

3.-ACREDITACIÓN TÍTULOS (GRAO E MESTRADO)

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, recolle nos seus artigos 24, 27bis e 27ter o procedemento de renovación da acreditación dos títulos oficiais.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a encargada de realizar a valoración para a renovación da acreditación, de acordo cos protocolos de avaliación que se estableceron conxuntamente entre as axencias de avaliación que cumprían cos Criterios e Estándares de Calidade Europeos e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Os **criterios** de avaliación son **sete** agrupados en **tres dimensións**:

DIMENSIÓN 1: *xestión do título*. Analízase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas (criterio 1). Analízase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese),(criterio 2) así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, analízala, implementar accións de mellora e realizar o oportuno seguimento das mesmas (criterio 3).

DIMENSIÓN 2: *recursos*. Analízase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio (criterio 4) así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles (criterio 5) para garantir a consecución dos resultados definidos polo título.

DIMENSIÓN 3: *resultados*. Analízanse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo: os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso (criterio 6). Tamén analiza a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida) (criterio 7).

Informe final

Como resultado do procedemento de renovación da acreditación a ACSUG, unha vez valorado cada un dos criterios, elabora un **informe final**. Estes criterios avalíanse segundo estes catro **niveis**:

- Supérase excelentemente (**A**). O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente e, ademais, é un exemplo que excede os requirimentos básicos.
- Alcánzase (**B**). O estándar correspondente ao criterio lógrase completamente.
- Alcánzase parcialmente (**C**). Lógrase o estándar no mínimo nivel pero detéctanse aspectos puntuais que han de mellorarse.
- Non se alcanza (**D**). O criterio non logra o nivel mínimo requirido para chegar ao estándar correspondente.
- Nos criterios 4,5 e 6 débese alcanzar como mínimo **C**


O obxectivo e:

- 1.- Comprobar o cumprimento dos compromisos asumidos para a impartición do título

2.- Analizar os resultados obtidos polo mesmo.

Os resultados agregados obtidos polos títulos que renovaron acreditación na USC recóllense nos seguintes cadros:

Conxunta: Graos e másteres	A	B	C	D
Organización e desenvolvemento	0,0%	28,2%	69,0%	2,8%
Información e transparencia	2,8%	70,4%	26,8%	0,0%
Sistema de Garantía de Calidade	0,0%	26,8%	73,2%	0,0%
Recursos Humanos	12,7%	66,2%	21,1%	0,0%
Recursos materiais e servizos	7,0%	66,2%	26,8%	0,0%
Resultados de aprendizaxe	12,7%	70,4%	16,9%	0,0%
Indicadores de satisfacción e rendemento	1,4%	53,5%	43,7%	1,4%



4.-ACREDITACIÓN EURACE E EAEVE

Adicionalmente, as seguintes Titulacións da USC obtiveron acreditacións de calidade internacional en ámbitos profesionais específicos, o European Accreditation of Engineering Programmes (EUR-ACE) e o da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE):

Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria



Grao en Enxeñaría Civil



Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural



Grao en Veterinaria



5.-CENTROS CON PLAN ESTRATÉXICO

Finalmente, 20 dos 25 centros propios da USC dispoñen dun plan estratéxico con vixencia ata o ano 2022. Eses plans están en concordancia coas liñas da programación plurianual da USC que tamén ten ese horizonte temporal.

Anexo. DURACIÓN MEDIA DOS ESTUDOS

GRAO

Gran Área de Coñecemento e Titulación	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Artes e Humanidades	4,24	4,39	4,68	4,80	4,92	4,94	4,78
Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	4,00	4,00	4,17	4,20	5,25	4,73	5,00
Grao en Filoloxía Clásica	4,25	4,14	4,70	4,45	4,75	4,67	4,50
Grao en Filosofía	4,33	4,69	4,89	4,53	5,61	5,18	4,77
Grao en Historia	4,23	4,42	4,46	4,55	4,59	4,71	4,90
Grao en Historia da Arte	4,20	4,40	4,44	4,64	4,61	4,72	4,64
Grao en Lingua e Literatura Españolas [L]	4,25	4,00	4,00	4,80	4,17	4,80	4,45
Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]	4,04	4,25	4,60	4,83	4,85	4,96	4,55
Grao en Lingua e literatura galegas	4,40	4,69	5,55	5,27	4,89	5,40	4,18
Grao en Lingua e Literatura inglesas	4,29	4,54	4,76	5,14	4,89	4,69	5,26
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	4,42	4,81	5,26	5,54	5,55	5,49	5,56
Ciencias	4,36	4,74	5,07	5,18	5,18	5,26	5,19
Grao en Bioloxía	4,30	4,81	4,84	5,09	5,07	5,22	5,21
Grao en Biotecnoloxía							
Grao en Física	4,26	4,61	4,86	5,04	5,28	5,30	5,39
Grao en Matemáticas	4,56	4,75	5,33	5,68	5,49	5,04	5,03
Grao en Química	4,31	4,79	5,25	4,91	4,89	5,47	5,12
Ciencias da Saúde	4,10	4,51	4,92	4,95	5,00	5,03	4,95
Grao en Enfermaría [L]	4,21	4,20	4,46	4,36	4,34	4,66	4,23
Grao en Enfermaría [S]	4,06	4,11	4,25	4,17	4,08	4,21	4,01
Grao en Farmacia		5,00	5,48	5,47	5,86	5,75	5,67
Grao en Medicina			6,00	6,08	6,15	6,18	6,05
Grao en Nutrición Humana e Dietética	4,00	4,06	4,17	4,38	4,31	4,68	4,70
Grao en Odontoloxía		5,00	5,26	5,35	5,18	5,05	4,83
Grao en Óptica e Optometría	4,00	4,43	4,62	4,77	4,68	4,56	4,80
Grao en Psicoloxía	4,23	4,31	4,52	4,37	4,40	4,43	4,24
Grao en Veterinaria		5,00	5,55	5,64	5,96	5,73	5,99
Ciencias Sociais e Xurídicas	4,19	4,44	4,54	4,68	4,62	4,69	4,43

Gran Área de Coñecemento e Titulación	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Grao en Administración e Dirección de Empresas [L]	4,43	4,88	5,24	5,41	5,28	5,25	5,80
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	4,40	4,86	5,35	5,53	5,28	5,48	5,59
Grao en Ciencia Política e da Administración	4,31	4,34	4,51	4,85	4,89	4,72	4,48
Grao en Comunicación Audiovisual	4,08	4,27	4,14	4,27	4,17	4,30	3,95
Grao en Criminoloxía							1,58
Grao en Dereito	4,00	4,42	4,73	4,81	5,01	5,05	5,11
Grao en Economía	4,25	4,59	4,75	5,09	4,93	5,39	4,89
Grao en Educación Social	4,34	4,35	4,47	4,68	4,38	4,49	4,43
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L)	4,00	4,18	4,12	4,15	4,38	4,18	4,14
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)	4,00	4,14	4,22	4,28	4,21	4,24	4,24
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (L)	4,00	4,16	4,22	4,19	4,29	4,36	3,82
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)	4,00	4,16	4,19	4,33	4,25	4,16	4,16
Grao en Pedagogía	4,30	4,40	4,40	4,32	4,45	4,41	4,28
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [L]	4,29	5,07	4,94	4,83	4,53	4,67	4,98
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [S]	4,57	4,87	5,13	5,25	5,16	5,00	5,36
Grao en Traballo Social	4,00	4,14	4,15	4,34	4,17	4,35	4,07
Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	4,09	4,33	4,40	4,91	5,27	5,21	4,88
Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ªed)							
Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas					4,00	4,75	4,00
Grao en Xornalismo	4,13	4,31	4,25	4,34	4,46	4,38	4,34
Enxeñaría e Arquitectura	4,09	4,77	4,94	5,68	5,16	5,46	5,01
Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria					4,00	4,60	4,79
Grao en Enxeñaría Civil	4,00	4,91	5,32	5,95	6,07	7,22	5,63
Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	4,00	4,73	4,50	5,50	4,67	4,71	3,73
Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	4,00	5,00	5,50	7,00	6,00		5,88
Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	4,00	4,80	5,17	5,89	5,75	6,00	4,47
Grao en Enxeñaría Informática	4,54	4,72	4,78	5,17	4,90		5,49
Grao en Enxeñaría Química	4,00	4,44	4,39	4,56	4,75	4,77	5,11
Grao en Paisaxe							
Grao en Robótica							
Media global grao	4,19	4,51	4,75	4,93	4,88	4,94	4,74

Gran Área de Coñecemento e Titulación	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20
M. U. en Investigación Biomédica	1,00	1,00	1,00	1,05	1,05	1,00	1,11
M. U. en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	1,00	1,00	1,08	1,00	1,00	1,00	1,00
M. U. en Investigación en Ciencias da Visión (2ª ed)	1,00	1,00	1,33	1,00	1,00	1,00	
M. U. en Investigación en Ciencias da Visión (3ªed)							1,00
M. U. en Neurociencia	1,06	1,08	1,13	1,60	1,36	1,17	1,44
M. U. en Optometría						1,00	1,25
M. U. en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental	2,00	2,05	2,10	2,24	2,00	2,10	4,00
M. U. en Psicoloxía Educativa: Desenvolvemento e Aprendizaxe			1,00	1,32	1,30	2,40	3,00
M. U. en Psicoloxía Xeral Sanitaria		2,00	2,03	2,06	2,13	2,00	2,13
M. U. en Psicoxerontoloxía (2ª edición)		1,00	1,00		1,00	2,00	1,00
M. U. en Saúde Pública	1,17		1,00	1,22	1,29	1,64	1,36
M. U. en Xenómica e Xenética						1,00	1,08
M. U. en Xerontoloxía	2,00	2,11	2,00	2,00	2,27	2,11	2,43
Ciencias Sociais e Xurídicas	1,41	1,50	1,45	1,46	1,50	1,40	1,56
M. U. en Avogacía [S]	2,00	2,00	2,00		2,00	2,01	2,00
M. U. en Desenvolvemento Económico e Innovación	1,86	1,29	1,44	1,27	1,32	1,40	1,73
M. U. en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	1,67	2,00	1,31	1,00	1,30	1,11	1,38
M. U. en Dirección de Empresas [L]	1,43	2,00	2,00	1,73	1,53	2,50	1,67
M. U. en Dirección de Empresas [S]	1,53	1,44	1,50	1,56	1,13	1,57	1,20
M. U. en Dirección e Xestión Contable e Financeira			1,00	1,11	1,53	1,57	1,57
M. U. en Economía						1,00	1,25
M. U. en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías	1,20	1,43	2,00	1,58	2,25	1,15	2,00
M. U. en Estudos Internacionais	1,45	1,34	1,47	1,42	1,59	1,33	1,42
M. U. en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	1,00	2,00	1,00		1,00	1,00	1,33
M. U. en Igualdade, Xénero e Educación				2,00	3,00	2,00	3,00
M. U. en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria						1,00	1,18
M. U. en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitar	1,58	1,50	1,37	1,57	1,89	1,50	1,46
M. U. en Marketing, Consultoría e Comunicación Política	1,21	1,24	1,17	1,24	1,10	1,31	1,22
M. U. en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial	1,00	1,40	1,67	1,44	1,17	1,00	1,36
M. U. en Procesos de Formación	1,29	1,33	1,35	2,07	1,43	1,33	1,57
M. U. en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [L]	1,02	1,02	1,12	1,18	1,12	1,12	1,12
M. U. en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas [S]		1,08	1,12	1,19	1,16	1,21	1,25

Gran Área de Coñecemento e Titulación	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20
M. U. en Psicoloxía							
M. U. en Psicoloxía do Traballo e as Organización e Psicoloxía Xurídica-Forense							1,00
M. U. en Psicoloxía do Traballo e as organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social							2,00
M. U. en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	1,57	1,56	1,50	1,65	1,38	1,65	1,22
M. U. en Xestión e Dirección Laboral (2ª edición)	1,41	1,33	1,56	1,81	1,36	1,50	1,95
M. U. en Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento				1,00	1,20	1,23	1,93
Enxeñaría e Arquitectura	1,60	1,69	1,70	2,01	1,86	1,65	1,92
M. U. en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega	2,00		2,40	2,00	1,33		3,00
M. U. en Computación de Altas Prestacións						1,00	1,00
M. U. en Dirección de Proxectos	1,55	1,21	1,06	1,26	1,21	1,00	1,08
M. U. en Enxeñaría Agronómica		2,00	2,00	2,00	2,63	2,25	2,11
M. U. en Enxeñaría Ambiental	2,07	2,05	2,00	2,19	2,07	2,04	2,06
M. U. en Enxeñaría de Montes		2,00		2,00	2,50	2,00	2,00
M. U. en Enxeñaría de Procesado de Alimentos							
M. U. en Enxeñaría Química e Bioprocesos		2,00	2,00	2,06	2,04	2,00	2,20
M. U. en Fotónica e Tecnoloxías do Láser	1,00	1,00		3,00			
M. U. en Matemática Industrial		2,00	2,00	2,00	2,15	2,00	2,17
M. U. en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados						1,00	2,00
M. U. en Tecnoloxías da Análise de Datos Masivos: Big Data			1,00	1,21	1,33	1,53	1,44
M. U. en Xeoinformática							2,00
M. U. en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio	1,38	1,27	1,14	2,40	1,50	1,67	2,00
Media global máster	1,40	1,45	1,47	1,54	1,52	1,47	1,65